

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL CERDEDO

Ordenanzas e Regulamentos

TEXTO INTEGRO DA ORDENANZA DE LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE

Ao non presentarse reclamacións contra o acordo inicial adoptado polo Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 17.3 e 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, publícase o texto íntegro da ordenanza aprobada definitivamente:

ORDENANZA DE LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE

Título I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación, dentro do termo municipal de Cerdedo, da xestión de residuos domésticos e comerciais, no ámbito das competencias atribuídas ao Concello pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e pola Lei 22/2011, de residuos e solos contaminados.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

As prescricións da presente Ordenanza serán aplicables en todo o territorio do termo municipal de Cerdedo e deberán ser cumpridas por toda persoa física ou xurídica con residencia ou sede en Cerdedo, así como polas persoas visitantes e transeúntes naqueles aspectos que lles afecten.

Artigo 3. Definicións

a) *Residuos domésticos.* Son aqueles xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considéranse tamén residuos domésticos os similares aos anteriores xerados en servizos e industrias.

Inclúense tamén nesta categoría os residuos xerados nos fogares de aparatos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, mobles e enseres así como os residuos e escombros procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.



Terán a consideración de residuos domésticos, os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes e áreas recreativas, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

b) *Residuos comerciais.* Os xerados pola actividade propia do comercio, ao por maior e ao por menor, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.

c) *Recollida selectiva.* A recollida na que o fluxo de residuos mantense por separado, conforme o seu tipo e natureza, para facilitar un tratamento específico.

d) *Biorresiduos.* Residuo biodegradable de xardíns e parques, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venta ao por menor.

e) *Papel-cartón.* Esta corrente inclúe periódicos, revistas, folletos, cartóns, folios escritos, envases de papel-cartón, oveira de cartón, bolsas de papel, caixas de cartón, cadernos, carpetas, e residuos similares. Non inclúe papel de celofán, papel de aluminio, tetra bricks, fotografías, radiografías, papel tisú ou cueiros.

f) *Vidro.* Estes residuos inclúen as botellas de vidro de auga, viños, licores, cervexas, refrescos, botes de conservas, iogures, frascos de perfumes e outros produtos cosméticos, e similares. Non se consideran dentro desta fracción as bombillas, cristais de ventás, espellos, gafas, floreiros, vasos, louza, lúas de automóviles, porcelanas e cerámicas, e similares.

g) *Envases lixeiros.* Comprenden tódolos envases provistos do punto verde, envases de plástico, de metal, tetra bricks, bolsas de plástico, tapones e chapas de metal ou de plástico, caixas de madeira, aerosois baleiros (desodorizantes, lacas, etc.). Non inclúenos envases de papel-cartón nin de vidro, que contan coa súa propia vía de separación.

h) *Voluminosos.* Aqueles residuos que non poden evacuarse polos medios de recollida normais debido a súa envergadura, tales como electrodomésticos, mobles, chapas de metal, madeiras, etc.

i) *Aceite de cociña.* Aceites de fritir e aceites das latas de conservas. Non se consideran dentro desta corrente os aceites de motor.

j) *Roupa, téxtil e calzado.* Inclúe todo tipo de produto téxtil do fogar, así como calquera tipo de calzado, roupa ou incluso bolsos.

k) *Residuos hixiénicos.* Inclúense nesta categoría cueiros, compresas e outros residuos hixiénicos.



l) *Pilas*. Esta fracción comprende as pilas botón, pilas cilíndricas e pilas de petaca.

m) *Medicamentos e envases de medicamentos*. Inclúense os sobres de medicamentos, as pastillas, as cápsulas, as ampolas, os supositorios e calquera outra forma en que se presenten os medicamentos, incluíndo os envases que os conteñan (botes de plástico, caixas de cartón ou plástico, blíster, etc.).

n) *RAEE's*: Residuos de Aparatos Eléctricos y Electrónicos.

o) *Residuos perigosos do fogar*. Todos aqueles residuos xerados nos fogares con características de perigosidade.

p) *Residuos de construción e reparación domiciliaria*. Son os escombros xerados nas obras menores, e inclúen ladrillos, formigón, baldosas e azulexos, madeira, plásticos, placas de xeso laminado, etc.

q) *Resto*. Nesta fracción inclúense aqueles que non sexan obxecto de recollida selectiva.

r) *Persoa ou entidade xestora de residuos*: a persoa ou entidade, pública ou privada, rexistrada mediante autorización ou comunicación que realice calquera das operacións que compoñen a xestión dos residuos, sexa ou non a persoa ou entidade produtora dos mesmos.

s) *Xestión de residuos*: a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos.

t) *Recollida*: operación consistente no acopio de residuos, incluída a clasificación e almacenamento iniciais para o seu transporte a unha instalación de tratamento.

Artigo 4. Residuos excluídos da definición de residuos domésticos e comerciais

Quedan excluídos da consideración de residuos domésticos e comerciais, e por tanto, quedando excluídos da prestación do servizo municipal de recollida, os seguintes:

a) Residuos resultantes dos procesos de fabricación, de transformación, de utilización, de consumo, de limpeza ou de mantemento xerados pola actividade industrial.

b) Os residuos de construción e demolición, incluídas as terras de escavación, que non procedan de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

c) Subprodutos animais non destinados ao consumo humano xerados nas carnicerías, peixerías e establecementos análogos, que salvo autorización excepcional do Concello non poderán ser xestionados xunto cós residuos domésticos senón cás persoas titulares das actividades deberán contratar a súa recollida coa empresa autorizada para tal efecto.



Artigo 5. Prestación dos servizos

1.—O Concello prestará os servizos de xestión de residuos domésticos e comerciais por calquera das formas de xestión de servizos públicos establecidas na lexislación vixente, baixo os termos previstos nesta Ordenanza e conforme aos sistemas técnicos e organizativos que en cada momento estime máis conveniente para os seus intereses.

2.—Poderá ceder a competencia para a prestación de determinados servizos aos Sistemas Integrados de Xestión autorizados a través da firma dos correspondentes convenios.

Artigo 6. Réxime fiscal

1.—Anualmente, o Concello establecerá na Ordenanza Fiscal as taxas correspondentes á prestación dos servizos que por Lei sexan obxecto delas, debendo a cidadanía/as persoas usuarias proceder ao pago das mesmas.

2.—Na configuración das taxas poderán establecerse mecanismos de bonificación as persoas que xeren menor cantidade de residuos, realicen unha correcta separación de residuos en orixe, realicen autocompostaxe ou outros que se contemplen na Ordenanza Fiscal.

Artigo 7. Prohibición de queimas, fogueiras e incineración

1.—Queda prohibido realizar calquera tipo de queima de residuos en espazos públicos ou privados.

2.—Requirírase a autorización do Concello para a realización de fogueiras en eventos de carácter cultural. Nese caso, as queimas débense realizar seguindo as normas que estableza o Concello. En ningún caso, permitíranse estas fogueiras en Espazos Naturais Protexidos deste termo municipal.

3.—A queima de rastrosos, restos de poda, palla e calquera outro material natural, agrícola ou silvícola, non perigoso, deberán contar cós permisos correspondentes que puideran ser esixibles pola aplicación da lexislación de montes, de prevención de incendios u outras lexislacións.

Título II. Recollida de residuos sólidos urbanos

Capítulo 1. Normas para a recollida

Artigo 8. Sistema de recollida

1.—O Concello disporá contedores na calzada para a recollida selectiva das seguintes fraccións, sen prexuízo de que estas podan ser ampliadas ou reducidas por razóns de eficiencia do sistema:

a) Resto



- b) Envases de plástico, metal e bricks.
- c) Envases de papel e cartón.
- d) Envases de vidro.
- e) Residuos de aceite doméstico.

2.—Para residuos voluminosos disporase un sistema de recollida domiciliaria e un área de Aportación de Voluminosos.

3.—Para residuos de aparatos eléctricos e electrónicos se disporá un servizo de recollida domiciliaria para o seu posterior entrega a xestores autorizados.

4.—Os residuos de pilas e lámpadas e fluorescentes recolleranse nos contedores especiais dispostos en áreas e/ou locais públicos.

5.—O sistema poderá ser modificado polo Concello en función dos resultados técnicos e económicos obtidos.

6.—O tipo de contedores, o número de unidades en cada zona ea súa localización serán fixados polo propio Concello.

7.—O itinerario da recollida, así como a frecuencia do horario, será o establecido pola Administración Local, dando a publicidade necesaria para o coñecemento dos veciños.

8.—O lavado e limpeza dos contedores e papeleiras, será realizado periodicamente polo Concello ou a empresa concesionaria do servizo.

Artigo 9. Axentes autorizados para a recollida

1.—A recollida de residuos sólidos urbanos, será realizada única e exclusivamente polo persoal de limpeza do Concello de Cerdedo ou ben pola empresa privada concesionaria do servizo. Ningunha persoa, física ou xurídica, poderase dedicar a estas actividades sen a previa autorización municipal.

Artigo 10. Obrigación de recollida

1.—O Concello recollerá os residuos domésticos xerados en fogares e establecementos de servizos.

Non obstante, poderá obrigar, á persoa ou entidade produtora ou posuidora de residuos perigosos domésticos ou de residuos cuxas características dificulten a súa xestión, a que adopten medidas para eliminar ou reducir ditas características ou a que os depositen na forma ou lugar adecuados.



2.— O Concello poderá recoller os residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados nas industrias. O uso e a recepción do servizo é voluntaria, polo que as persoas titulares dos establecementos poderán solicitar a prestación do servizo de recollida de residuos comerciais e os residuos domésticos xerados nas industrias.

No caso de cós contedores vaian a dar servizo exclusivamente a unha actividade, será esta a que deba soportar o seu custo.

3.—Cando así proceda polo volume xerado, características dos residuos ou por localización, o Concello poderá denegar a prestación do servizo de recollida e a propiedade ou titularidade das industrias estará obrigada, por indicación expresa do Concello, a xestionar os residuos asimilables a urbanos por si mesmos.

4.—Nos supostos nos que non se preste este servizo de recollida municipal, os establecementos estarán obrigados a contar con un contrato suscrito con unha empresa de xestión autorizada e a arquivar a documentación que acredite a retirada dos residuos durante o prazo dun ano, debendo por toda esta documentación a disposición do Concello no caso de que este así o solicite.

5.—Os residuos industriais definidos no Artigo 4 estarán excluídos da recollida municipal e polo tanto, as persoas e empresas produtoras ou posuidoras de residuos industriais están obrigadas a realizar cantas operacións de xestión marque a lexislación vixente para cada tipo de residuo, como recollida, transporte, almacenamento, clasificación, valoración e/ou vixilancia.

Artigo 11. Depósito dos residuos

1.—As persoas usuarias están obrigados/as a depositar os residuos nos contedores correspondentes e ocupando o menor espazo posible, nos horarios establecidos e nos lugares que determine o Concello.

2.—É obrigatoria a separación en orixe das fraccións resto, envases lixeiros, papel-cartón, vidro, aceites, pilas, RAEEs e fraccións de residuos reutilizables para o seu depósito nos contedores correspondentes, quedando prohibido depositar residuos en contedores diferentes aos que lles corresponda.

3.—Queda prohibido depositar nos contedores restos de poda e/ou residuos vexetais, escombros procedentes de calquera clase de obra, líquidos, animais mortos ou materiais en combustión.



4.—As persoas usuarias están obrigadas a depositar os residuos de modo que non se produzan vertidos. Se como consecuencia dunha deficiente presentación dos residuos produciranse vertidos, quen haxa sido causante do feito será responsable da sucidade ocasionada.

5.—Prohíbese o depósito de residuos en contedores da vía pública que polo seu tamaño, obstrúase a boca de recepción dos mesmos.

6.—Prohíbese botar no solo calquera clase de desperdicio dende os vehículos, xa estean parados ou en marcha.

7.—O Concello poderá instaurar un sistema de prepago para determinadas fraccións de residuos, obrigando así ás persoas usuarias a utilizar bolsas específicas (ou a colocar os adhesivos), que serán adquiridos polas persoas usuarias nos lugares que se determinen.

Artigo 12. Puntos de recollida no termo municipal

1.—A fin de cós residuos sexan retirados polos servizos de recollida, as persoas usuarias os depositarán nos lugares destinados polo Concello.

2.—Prohíbese depositar ningún tipo de residuo fora do contedor. O Concello poderá establecer, con carácter permanente ou transitorio, puntos de libramento e acumulación de residuos distintos aos habitualmente sinalados.

3.—Se por realización de obras na vía pública resultase necesaria a retirada de contedores, quen promova a citada obra será responsable da mesma, deberá solicitar o movemento dos contedores ao Concello e deberá proceder a súa posterior colocación nas debidas condicións.

4.—Se o Concello decidise a utilización doutro tipo de contedores ou recipientes normalizados para o depósito de cada un dos tipos de residuos, se efectuará, previa reforma da presente Ordenanza, có fin de que os servizos de recollida realícense nas mellores condicións, de acordo coa natureza dos residuos, as características do sector ou da vía pública na que se localice, e a planificación realizada para a súa recollida e transporte.

Capítulo 2. Recollida por tipo de contedores

Artigo 13. Recollida da fracción Resto

1.—Os usuarios do servizo están obrigados a depositar a fracción resto ou rexeitamento, é dicir, a fracción integrada por residuos que non son susceptibles de ser reciclados, en bolsa cerrada nos contedores específicos que estableza o Concello.

2.—Non poderá depositarse a bolsa de lixo nos contedores antes das 21 horas da noite.



Queda prohibido depositar residuos nos contedores unha vez que o servizo de recollida haxa procedido ao seu baleirado, salvo na franxa horaria antes referida.

3.—Queda prohibido depositar o lixo nos contedores aqueles días có Concello indique como inhábiles do Servizo.

4.—Prohíbese entregar coa fracción «resto» calquera material susceptible de ser reciclado.

Nese caso, o servizo de recollida poderá rexeitar os residuos e o usuario estará obrigado a retiralo do punto de recollida.

5.—Prohíbese depositar a fracción «resto» fora do contedor específico para esta fracción. Prohíbese o depósito a granel da fracción «resto» no contedor específico, a través de cubos, paquetes, caixas e similares.

6.—Prohíbese depositar xunto coa fracción «resto» ou «rechazo» residuos que conteñan residuos líquidos ou susceptibles de licuarse.

Artigo 14. Recollida selectiva de papel e cartón doméstico

1.—Os usuarios do servizo están obrigados a depositar o papel e o cartón dentro dos contedores de cor azul normalizados que o Concello destinou a tal efecto. O cartón entregarse debidamente pregado.

2.—O papel/cartón depositarase no contedor azul en horario libre, sempre e cando non se altere o benestar da veciñanza.

3.— A fracción de papel/cartón incluírá periódicos, revistas, libros, sobres, propaganda, papel administrativo, caixas e embalaxes de cartón e todos aqueles residuos que catalogue ECOEMBES como residuo de papel e cartón que conteñan o logo do punto verde.

4.—Prohíbese entregar có papel/cartón outro tipo de material que non sexa papel ou cartón limpo, especialmente plásticos, briks, papel sucio etc.

Artigo 15. Recollida selectiva de papel e cartón comercial

1.—O Concello poderá establecer un servizo de recollida especial de cartón comercial. Os usuarios do servizo estarán obrigados a entregar dito cartón no día, na hora, na forma e no lugar que estableza o Concello.

2.—Os usuarios do servizo están obrigados a depositar o cartón en ditos puntos, debidamente pregado e apilado, de forma que ocupe o menor volume posible, sen obstaculizar o paso de peóns nin o tráfico de vehículos.



3.—A fracción de cartón incluíra caixas e embalaxes de cartón xerados pola actividade propia dos comercios, servizos de restauración e bares, oficinas e mercados, así como do resto do sector servizos.

4.—Prohíbese entregar có cartón outro tipo de material que non sexa cartón limpo, especialmente plásticos.

Artigo 16. Recollida selectiva de vidro

1.—Os usuarios do servizo están obrigados a depositar o vidro dentro dos contedores tipo iglú de cor verde normalizados có Concello destinou a tal efecto.

2.—O vidro depositarase no iglú verde en horario libre, sempre e cando non se altere o benestar da veciñanza.

3.— A fracción de vidro incluíra botellas de vidro, botes de conserva, e en xeral, todos aqueles envases de vidro que levan o logo «punto verde» de Ecovidrio.

4.—Prohíbese entregar có vidro outro tipo de material que non sexa envases de vidro, especialmente lámpadas e fluorescentes, espellos e ventás, pratos e vasos de cerámica.

Artigo 17. Recollida selectiva de envases lixeiros

1.—Os usuarios do servizo están obrigados a depositar os envases lixeiros dentro dos contedores de cor amarelo normalizados có Concello destinou a tal efecto.

2.—A fracción de envases lixeiros depositarase no contedor amarelo en horario libre, sempre e cando non se altere o benestar da veciñanza.

3.—A fracción de envases lixeiros incluíra envases de bebidas, produtos de limpeza, botes de conserva metálicos, latas de bebidas, iogur e similares, aceite e vinagre, xampú, xel e similares, bolsas de plástico, envases de leite, zume, viño e tomate, botes de spray, bandexas de plástico, de poliespán e de aluminio, tapas e tapones, bolsas de bolería ou lambonadas, blíster, fixadores de packs de latas e botellas, tubos de pasta de dentes e similares e en xeral, todos aqueles envases de metal, brik e plástico que levan o logo «punto verde» de ECOEMBES.

4.—Prohíbese entregar có envases lixeiros outro tipo de material que non sexan envases lixeiros limpos, especialmente envases de vidro, perchas, xoguetes, bolígrafos e rotuladores, tixolas, cazolas e menaxe, cepillos de dentes, pequenos electrodomésticos (pranchas, secadoras etc.), discos ou cintas de datos, audio ou vídeo (CD, DVD, VHS, vinilo), e en xeral outros elementos similares que se podan determinar por analoxía a ditos supostos excluídos.



Artigo 18. Conservación de contedores

1.—O Concello establecerá reservas especiais do espazo urbano para a carga e descarga e demais operacións necesarias para a correcta conservación dos contedores.

2.—Os servizos correspondentes realizarán a limpeza periódica dos contedores en función da súa conservación, e para o mantemento das debidas condicións de hixiene.

3.—As persoas usuarias ea cidadanía en xeral teñen a obrigaón de conservar e manter os contedores en adecuadas condicións de hixiene e seguridade, sendo responsables do deterioro cós recipientes podan sufrir pola súa culpa, negligencia ou imprudencia. A mesma obrigaón establececese para as barras protectoras, pivotes, barrotes, etc., e marcas fixadas das zonas de recollida se as houbera.

4.—Queda prohibido o desprazamento do lugar indicado dos contedores para cambialos de sitio, así como calquera manipulación nos mesmos que puidera dar orixe a situacións perigosas ou dificulten a recollida por parte do persoal do servizo correspondente.

Título III. Normas para o autocompostaxe

Artigo 19. Residuos autocompostables

Se poderán autocompostar os biorresiduos domésticos que aparecen na seguinte táboa (con o código LER):

200101 / Papel e cartón	Papel de cociña libre de tinta (sen estar sucio de deterxente ou outros xabóns)
200108/Residuos biodegradables de cociña e restaurantes	Restos crus de verduras y froita
	Restos de comida preparada e pan
	Restos de carne e pescado
	Cáscaras de ovo, marisco, froitos secos e ósos de froita.
	logures e zumes caducados
200201/Residuos biodegradables de parques e xardíns	Restos de café e infusións
	Herba e follas secas.
	Ramas de poda
	Césped e restos de plantas.

Artigo 20. Autocomposteiros

1.—O Concello facilitará os equipos autocomposteiros as persoas que os soliciten comprometéndose a recibir a formación necesaria para garantir a correcta utilización dos mesmos, salvo que se demostre ter os coñecementos necesarios.



2.—O Concello reservase o dereito de retirar os autocomposteiros facilitados ás persoas usuarias que incumpran as directrices de participación establecidas, así como as persoas que se neguen inxustificadamente a recibir a formación requirida.

3.—As persoas usuarias do servizo estarán obrigadas a tratar os seus biorresiduos mediante compostaxe, facilitando os traballos de seguimento aos servizos municipais.

4.—O Concello será o encargado de inspeccionar cós composteiros e os seus elementos utilízanse correctamente.

5.—En caso de baixa, o usuario deberá entregar en boas condicións todo o material cedido polo Concello.

Artigo 21. Beneficios fiscais

As persoas adheridas ao sistema de autocompostaxe poderán beneficiarse das bonificacións que se establezan anualmente nas Ordenanzas Fiscais sempre e cando haxan pasado con conformidade as inspeccións realizadas polos servizos municipais.

Artigo 22. Destinos do compost

O compost obtido deberá ser utilizado como emenda orgánica das terras das que resulte titular a persoa que o xere. No caso de que a persoa ou entidade produtora xere cantidades de compost superiores as súas necesidades, así como no caso de que o compost producido non sexa adecuado, deberá poñerse esa circunstancia en coñecemento do Concello ao obxecto de establecer a mellor saída.

Título IV. Normas para a recollida doutros residuos

Capítulo 1. Recollida de residuos voluminosos.

Artigo 23. Residuos voluminosos

1.—Entenderase por residuo voluminoso os seguintes residuos:

- a) Colchóns e somieres.
- b) Mobles de madeira e plástico.
- c) Sofás e cadeiras de brazos.
- d) Plásticos domiciliarios de grandes dimensións.



e) Calquera residuo de madeira, plástico ou metal, que polas súas dimensións, deban ser considerados residuos voluminosos e non poden ser recollidos pola recollida mediante contedores na calzada.

2.—Queda prohibido o depósito destes residuos nos contedores ou nas súas inmediacións, así como o abandono deste tipo de residuos na vía pública ou en solares ou terreos tanto públicos como privados.

3.—As persoas que desexen desprenderse de residuos voluminosos poderán solicitalo aos servizos municipais, acordando en cada caso e previamente os detalles da recollida.

Artigo 24. Recollida de residuos voluminosos

1.—Os cidadáns dispoñerán dun servizo voluntario de recollida a domicilio de voluminosos, no día e forma acordados previa solicitude aos servizos municipais.

2.—Por este servizo de recollida a domicilio poderá cobrarse un prezo que será determinado anualmente polo concello.

3.—Por razóns de cá cantidade de residuos a entregar supoñan unha dificultade para o servizo municipal, o Concello poderá exixir un número límite de entrega de voluminosos.

4.—Os residuos voluminosos do sector terciario que sexan producidos como consecuencia da súa propia actividade comercial, deberán ser xestionados polas persoas que os xeren.

Capítulo 2. Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs)

Artigo 25. Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs)

1.—O Concello dispoñerá dun servizo de recollida e almacén de RAEEs procedentes de fogares particulares ou de fontes comerciais, industriais, institucionais e doutro tipo que, pola súa natureza e cantidade, sexan similares aos procedentes de fogares particulares.

2.—A recollida municipal de RAEEs prestarase aos residuos incluídos na lista de RAEEs do ámbito de aplicación do Real Decreto 110/2015, sobre aparellos eléctricos e electrónicos.

3.—Como resultado de aplicación do Artigo 22, Real Decreto 110/2015, sobre aparellos eléctricos e electrónicos, cando a persoa usuaria adquira un novo aparello eléctrico ou electrónico, que sexa de tipo equivalente ou realice as mesmas funcións có aparello que se desfeita, poderá entregalo de forma gratuíta á cadea distribuidora de venda, que con independencia da superficie da zona de venda, deberá recepciónalo de forma gratuíta.



O usuario poderá entregar o RAEE que desfeita polo mesmo no punto de venta ou realizar a entrega no fogar ao subministrarlle o vendedor un novo RAEE.

No caso de cá entrega do RAEE non se realice no mesmo momento da compra do novo RAEE, os distribuidores deberán indicar por escrito o prazo no que o usuario poderá depositar o RAEE no punto de venta presentando a factura de compra correspondente ao novo RAEE. Dito prazo non poderá ser inferior a trinta días naturais.

Os distribuidores cunha zona destinada á venda de RAEE cun mínimo de 400 m², deberán prever a recollida de carácter minoritario de RAEE moi pequenos de modo gratuíto e sen a obrigaón de compra de un RAEE de tipo equivalente.

Artigo 26. Recollida de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs)

1.—O servizo municipal de recollida de RAEEs a domicilio será prestado de forma gratuíta a tódolos veciños do termo municipal e sen número límite de entrega. A recollida farase previa solicitude aos servizos municipais e acordando os detalles da recollida.

2.—Queda prohibido o depósito destes residuos nos contedores ou nas súas inmediacións, así como o abandono deste tipo de residuos na vía pública, en solares ou terreos tanto públicos como privados.

Capítulo 3. Recollida doutros residuos

Artigo 27. Animais mortos

1.—Prohíbese o abandono de cadáveres de animais de calquera especie nos lixos domiciliarios, en calquera clase de terreos, así como arroxalos polo sumidoiro, aos ríos, lagoas, sumidoiros ou rede de sumidoiros e, igualmente enterralos en terreos de propiedade pública.

2.—As persoas que observen a presenza dun animal morto deben comunicar tal circunstancia ao Concello a fin de que se proceda á retirada do cadáver nas condicións hixiénicas necesarias.

3.—A sanción por incumprimento desta norma será independente das responsabilidades que estean previstas na normativa de orde sanitario.

Artigo 28. Vehículos abandonados

1.—Queda prohibido o abandono de vehículos fora de uso na vía pública ou zonas de utilización xeral cuxa conservación e policía sexan de competencia municipal.



2.—Entenderá cun vehículo foi abandonado cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou fáltanlle placas de matriculación.

3.—No referente aos casos de abandono, notificarase ás persoas propietarias as circunstancias nas que se encontra o seu vehículo, requiríndolles para que procedan a súa retirada no prazo máximo de 15 días naturais, salvo que por condicións de perigo, salubridade ou orde público, deba efectuarse a retirada inmediata.

4.—Sen prexuízo das sancións que procedan, serán a cargo das persoas propietarias ou posuidoras os gastos ocasionados pola retirada e depósito do vehículo ou por calquera actuación municipal na materia.

Artigo 29. Aceites de cocina

1.—Queda prohibido o vertido de aceite de cociña a través da rede de saneamento de augas, así como o seu depósito nos contedores habilitados para outras fraccións de residuos.

2.—Os aceites de cociña xerados nos fogares deberán ser introducidos polas persoas usuarias en recipientes de plástico ben pechados con tapón de rosca, depositándoos no interior dos contedores habilitados a tal efecto.

3.—Nestes contedores non poderán introducirse máis residuos cos aceites de cociña.

4.—O aceite de cociña de servizos de restauración e industrias deberá ser xestionado a través de servizos de recollida privada que deberán contratar as persoas ou entidades titulares, arquivando os albaranes de entrega durante o prazo de 1 ano e que deberán estar a disposición do Concello cando así o solicite.

Artigo 30. Pilas e baterías

1.—As pilas usadas deberán ser depositadas polas persoas usuarias nos contedores debidamente sinalizados que se poderán localizar na vía pública, nos distribuidores, centros comerciais, centros públicos, centros cívicos, etc. e/ou outro lugar público que sinala o Concello.

2.—En ningún caso deberán depositarse nas bolsas nin nos contedores destinados a outros residuos.

Artigo 31. Residuos perigosos do fogar

1.—Os residuos domésticos perigosos xerados nos fogares deberán ser entregados no Punto Limpo previa chamada de solicitude de entrega aos servizos municipais que supervisarán a entrega ou ben solicitando a recollida domiciliaria.



2.—Entenderanse como residuos perigosos do fogar os seguintes:

- a) Pinturas obsoletas, vernices, colas e outros produtos químicos.
- b) Produtos de limpeza.
- c) Aceite de automoción procedentes de particulares.
- d) Disolventes no haloxenados.
- e) Aerosois baleiros,
- f) Envases de plástico ou metálicos baleiros contaminado.
- g) Baterías de automoción.

Artigo 32. Terras e escombros

1.—Ós efectos da presente ordenanza, terán a consideración de terras e cascallos os seguintes materiais residuais:

1. As terras, pedras e materiais similares que proveñan de escavacións.
2. Os residuos resultantes de traballos de construción, demolición, derrubo e, en xeral, tódolos sobrantes de obras que excedan de 20 litros ou decímetros cúbicos diarios.
3. Calquera material residual asimilable ós anteriores e os que en circunstancias especiais determine a Alcaldía.

2.—Os residuos de construción e derribo deberán ser xestionados polos produtores, de acordo á normativa vixente.

3.—As persoas produtoras e transportistas dos residuos de derribo e construción están obrigadas a obter as licencias que correspondan, así como os permisos para a produción, transporte e eliminación destes.

4.—Queda terminantemente prohibido depositar nos recipientes normalizados, destinados a residuos domiciliarios os entullos procedentes de calquera clase de obras. Prohíbese depositar na vía pública toda clase de entullos ou restos procedentes de obras de construción e remodelación de edificios. Igualmente queda prohibido almacenar na vía pública, fóra dos límites do valado protector das obras, materiais de construción.



5.—O Concello asume a recepción e xestión dos residuos xerados por pequenas obras de reparación domiciliaria realizadas polo veciñanza, que deberá transportalos ata ao Punto Limpo por os seus propios medios, previa solicitude de entrega aos servizos municipais. Este dereito non será aplicable aos residuos de obras realizadas por empresas ou profesionais.

Capítulo 4. Recollida de restos de poda, herba, céspede e asimilados

Artigo 33. Obxecto da recollida dos restos vexetais

1.—A recollida dos residuos vexetais no termo municipal de Cerdedo realizarase mediante un sistema de sacas ou ben, o propio usuario poderá trasladalos polos seus propios medios ata o lugar indicado polo Concello.

2.—Considerase residuos vexetais aqueles residuos como restos de poda e xardinería, follaxe, recorte de setos e arbustos que proveñan do mantemento e conservación de xardíns e zonas axardinadas, incluídas en solo urbano ou urbanizable do municipio.

Artigo 34. Servizo de recollida

1.—O sistema elixido para facilitar aos cidadáns a recollida dos residuos vexetais foi un sistema de sacas de xardín ou ben áreas de aportación comúns previamente indicadas polos servizos municipais.

2.—Propiedade. As sacas serán propiedade do Concello, que mediante un servizo de préstamo, facilita aos veciños.

3.—Solicitude da saca. O usuario poderá solicitar o servizo de recollida no Concello.

4.—Os restos vexetais depositaranse directamente na saca, nunca en bolsas de plástico nin sacos de calquera outro material ou ben, se depositaran nas zonas de aportación comúns.

5.—O usuario utilizará correctamente as sacas, depositando unicamente os restos vexetais no seu interior.

6.—O usuario deberá facerse cargo das molestias e/ou danos que os seus residuos podan ocasionar antes de ser entregados aos servizos municipais, polo seu inadecuado depósito ou baixo outras condicións non determinadas polo Concello.

Artigo 35. Prohibicións

Prohíbese depositar calquera resto vexetal na vía pública, calquera outro contedor ou lugar, que non sexa el habilitado para o efecto.



Capítulo 5. Servizo do Punto Limpo

Artigo 36. Servizo do Punto Limpo

1.—Os cidadáns con domicilio no termo municipal, si así o desexan, poderán transportar por eles mesmos, ata as instalacións do Punto Limpo os seus residuos, tales como:

- a) Residuos voluminosos contemplados no Artigo 23.
- b) Residuos perigosos contemplados no Artigo 21.
- c) Restos de poda e xardín
- d) Restos de reparacións domiciliarias.
- e) Restos de téxtil.
- f) Restos de plásticos agrícolas e embalaxes.

2.—O servizo do Punto Limpo terá carácter gratuíto para os usuarios domésticos e a súa utilización está suxeita ás condicións de utilización que fixe o Concello no seu regulamento específico.

3.—A aportación de residuos nesta área haberá de facerse sempre respectando as normas de uso establecidas.

4.—Os residuos serán depositados de maneira selectiva nos contedores específicos de cada categoría de residuos.

5.—Prohíbese o depósito de residuos procedentes de actividades industriais.

6.—O acceso a cada contedor deberá manterse en perfecto estado de conservación.

7.—Os usuarios que foran identificados facendo un uso indebido de esta instalación poderán ser sancionados.

Título V. Residuos de construción e demolición Capítulo 1. – Normas xerais

Artigo 37. Clasificación

1.—Os residuos de construción e demolición clasifícanse en residuos de obra menor de construción ou reparación domiciliaria, e residuos de construción e demolición, que se denominarán residuos de obra maior.



2.—Serán residuos de obra menor de construción ou reparación domiciliaria os xerados en calquera obra de construción ou demolición nun domicilio particular, comercio, oficina ou inmovible do sector servizos, de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común e do número de vivendas e locais, sen que podan afectar ao deseño exterior, á cimentación, á estrutura ou ás condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de tódalas clases. Abarcan as pequenas obras de simple conservación, reparación, decoración ornato que non precisan de proxecto técnico e non implican un presuposto elevado.

3.—Serán residuos de obra maior os que non queden incluídos na definición anterior.

Artigo 38. Normas xerais de almacenamento

Queda terminantemente prohibido:

a) Depositar os escombros procedentes de calquera obra nos contedores destinados a residuos domiciliarios ou comerciais.

b) Depositar na vía pública calquera tipo de residuos, salvo cós residuos atópense no interior de contedores ou sacos para os que se dispoña da oportuna autorización de ocupación de vía pública.

Artigo 39. Contedores de obra na vía pública

1.—A ocupación da vía pública con contedores ou sacos de obra deberá contar coa correspondente autorización e será obxecto da taxa correspondente.

2.—Os contedores para obras deberán presentar no seu exterior de maneira perfectamente visible os datos sobre identificación do propietario ou da empresa responsable e da licenza municipal para a súa instalación.

3.—No caso de que o volume de residuos que se vaia a xerar nunha obra sexa inferior a 5 m³, os residuos deberán almacenarse en sacos.

4.—Queda prohibido depositar residuos nos contedores ou sacos de obra excedendo o nivel de enchido máximo segundo o seu tipo, de maneira que a altura alcanzada polos residuos non poda superar a altura dos lados. Tampouco se poderán colocar elementos adicionais que aumenten as súas dimensións ou capacidade.

5.—Así mesmo, tampouco se poderán depositar nos contedores ou sacos de obra residuos que conteñan materias perigosas para as persoas usuarias da vía pública, para a veciñanza ou para a protección e estética do ambiente onde estean situados.



Artigo 40. Transporte

1.—Os vehículos no que se efectúe o transporte de terras e escombros procedentes de obras reunirán obrigatoriamente as debidas condicións para evitar a dispersión do seu contido sobre a vía pública.

2.—Non se permite cós materiais transportados superen os extremos superiores da caixa do camión ou do contedor ou saco.

3.—Será obrigatorio cá carga lévese tapada mediante lona ou similar para evitar a dispersión de po.

4.—As operacións de instalación e retirada dos contedores para obras deberán realizarse de modo que non causen molestias para os cidadáns. Os contedores de obras deberán utilizarse ou manipularse de modo que o seu contido non se verta á vía pública ou non poida ser levantado ou espallado polo vento. En ningún caso o contido de materiais residuais excederá do nivel máis baixo do seu límite superior. Ao retirar o contedor, o titular da licenza deberá deixar en perfectas condicións de limpeza a superficie da vía pública ocupada.

5.—O titular da licenza será responsable dos danos causados ó pavimento da vía pública, debendo comunicalo inmediatamente ós servizos municipais correspondentes no caso de térense producido, e correrán ó seu cargo as reparacións de ditos danos. O empresario e o promotor da obra serán responsables solidarios das obrigas que corresponden ao titular da licenza de instalación do contedor.

Artigo 41. Limpeza

1.—Será obrigatorio manter a vía pública en bo estado de limpeza adoptando medidas de prevención e, no seu caso, de corrección.

2.—Poderase obrigar ao varrido da vía pública para mantela en adecuadas condicións.

3.—O Concello poderá realizar subsidiariamente os traballos de limpeza necesarios, imputando as persoas que promovan ou executen as obras o custo de tales servizos e sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Capítulo 2. Residuos de obra maior

Artigo 42. Normativa aplicable

1.—A produción e a xestión dos residuos que non cumpran as condicións para ser considerados residuos de obra menor de construción e reparación domiciliaria están sometidos ás previsións da normativa estatal e autonómica sectorial.



TÍTULO VI.—DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA**Capítulo I.—Da limpeza da vía pública como consecuencia de uso xeral dos cidadáns.****Artigo 43.**

1.—A efectos da limpeza considérase vía pública: as avenidas, estradas, pistas e accesos, paseos, rúas, prazas, beirarrúas, travesías, camiños, xardíns, zonas verdes, zonas terrosas e demais bens públicos de uso público municipal destinados directamente ao uso común xeral dos cidadáns.

2.—A efectos de limpeza, os ríos e praias fluviais e as rutas de sendeirismo que sexan executadas ou homologadas polo Concello terán tamén a consideración de vía pública.

Artigo 44.

1.—Queda prohibido tirar e abandonar na vía pública toda clase de produtos de estado sólido, líquido ou gasoso. Os residuos sólidos de pequeno formato como papeis, envoltorios e similares deberán depositarse nas papeleiras instaladas ao efecto ou en contedores do Servizo Público de limpeza.

2.—Prohíbese botar cigarros puros, cabichas de cigarros ou outras materias acesas nas papeleiras. En todo caso deberán depositarse unha vez apagadas ou ben nos cinceiros instalados ao efecto.

3.—Prohíbese, igualmente, votar no chan calquera clase de desperdicio dende os vehículos, xa estean parados ou en marcha.

4.—Non se permite sacudir roupas e alfombras sobre a vía pública, nin tampouco dende balcóns e terrazas fora do horario comprendido entre as vinte dúas horas da noite e a oito trinta da mañá seguinte. En todo caso, esta operación farase de maneira que non cause danos nin molestias a persoas ou cousas. Non se permite fregar balcóns a non ser de acordo có horario anterior. Tampouco se permite tender a roupa nos balcóns ou galerías abertas ou espazos que sexan visibles desde as vías públicas.

5.—Non se permite regar as plantas nin a limpeza de elementos construtivos colocados no exterior dos edificios se coma consecuencia desta operación se producirán vertidos ou salpicaduras sobre a vía pública ou sobre os seus elementos. O rego farase conforme ó horario establecido no apartado anterior e sempre cá debida precaución e coidado a fin de non producir molestias a veciños e peóns.

6.—Prohíbese cuspir na rúa, e satisfacer necesidades fisiolóxicas na vía pública.



Artigo 45.

1.—Os cans, gatos, e demais animais, non deberán ensuciar as rúas e demais lugares públicos, estando obrigados os donos de tales animais á recollida de tódolos excrementos mediante bolsas ou calquera outro sistema axeitado ao efecto, así como levalos suxeitos con correa.

2.—En todo caso estarase ao que dispoñan as normas e demais disposicións relativas á tenza de animais.

3.—Das infraccións serán responsables as persoas que os conduzan, e subsidiariamente os seus propietarios.

4.—Prohíbese o abandono de cadáveres de calquera animal sobre toda clase de terreo, vía ou espazos públicos, incluídos contedores de lixo, así como a súa inhumación en terreos de propiedade privada ou pública

5.—Prohíbese aquelas actuacións relacionadas con animais tales como: alimentar animais, bañar animais, etc., que impliquen o vertido de residuos nas vías públicas.

*Capítulo II.—Da sucidade da vía pública a consecuencia de obras e actividades diversas**Artigo 46.*

1.—Tódalas actividades que poidan ocasionar sucidade na vía pública, calquera que sexa o lugar en que se desenvolva e sen prexuízo das licenzas ou autorizacións que en cada caso sexan procedentes, esixe dos seus titulares a obriga de adoptar as medidas necesarias para evitar a sucidade na vía pública, así como a de limpar a parte dela e dos seus elementos estruturais que se viran afectados, e a de retirar os materiais resultantes.

2.—A Autoridade Municipal poderá esixir en todo momento as accións de limpeza correspondentes, tendo o disposto no número anterior.

Artigo 47.

1.—Para prever a sucidade, as persoas que realicen obras na vía pública deberán proceder á protección desta mediante a colocación de elementos axeitados arredor dos derrubes, terras e outros materiais sobrantes de obra, de modo que impidan a diseminación e vertido destes materiais fora da estrita zona afectada polos traballos.

2.—En especial, as superficies inmediatas de zanzas, canalizacións e conexións realizadas na vía pública deberán manterse limpas e exentas de toda clase de materiais residuais. As terras extraídas deberán protexerse en todo caso segundo determina o número anterior.



3.—Cando se trate de obras na vía pública ou confrontantes, deberán instalarse valados e elementos de protección así como tubos para a carga e descarga de materiais e produtos de derribo, que deberán reunir as condicións necesarias para impedir que se ensucie a vía pública e que se causen danos ás persoas e ás cousas.

Artigo 48.

Cando se trate de edificios en construción, a obrigaçión de limpar a vía pública corresponderá ó contratista. Unha vez rematada a obra e recollidos a totalidade dos escombros e/ou materiais o contratista deberá deixar en perfecto estado tanto a vía pública coma a beirarrúa no seu caso. Os materiais empregados na reposición dos pavimentos afectados serán exactamente os mesmos que os existentes con anterioridade a execución das obras, excepto que na licenza municipal ou por orden municipal posterior se indiquen outros.

A efectos de garantir o cumprimento desta obriga, por parte dos servizos técnicos municipais esixírase o oportuno aval, que deberá ser depositado con anterioridade ao inicio das obras.

Artigo 49.

A limpeza de escaparates, tendas, postos de venda, establecementos comerciais etc., efectuada por particulares, farase sempre con coidado de non ensuciar a vía pública. O titular da actividade será o responsable.

Artigo 50.

Prohíbese a manipulación e selección dos materiais residuais depositados na vía pública á espera de ser recollidos polos servizos correspondentes.

Artigo 51.

Están obrigados a limpar os espazos ocupados habitualmente polos vehículos de tracción mecánica, os responsables dos establecementos e industrias que os utilicen para o seu servizo, en especial en canto se refire aos vertidos de aceites, graxas ou produtos similares, así como os restos de terra, esterco, etc., que queden no espazo público despois das labores agrarias nas fincas, especialmente ao saír os vehículos ás beirarrúas ou estradas, dos que serán responsables os donos das propiedades.

Artigo 52.

1.—Prohíbese o abandono de mobles e enseres particulares na vía pública.

2.—Será potestade dos servizos municipais a retirada, sen previo aviso, de todo obxecto ou material abandonado cando dificulte o paso, a libre circulación ou poida afectar á limpeza ou decoro da vía pública.



3.—Os materiais sinalados nos apartados 1 e 2 precedentes serán trasladados, para o seu depósito ou eliminación, ós lugares ou equipamentos previstos a tal fin pola Autoridade Municipal.

4.—depósito destes materiais rexerese en todo momento pola lexislación vixente, e no non previsto, polo que dispoña a Alcaldía.

5.—Os gastos producidos polo seu traslado, depósito e custodia destes materiais serán a cargo dos seus propietarios ou produtores.

TÍTULO VII: DA LIMPEZA DO CONCELLO RESPECTO Ó USO COMÚN ESPECIAL E PRIVATIVO DE MANIFESTACIÓNS PÚBLICAS NA RÚA

Capítulo I.—Condicións xerais

Artigo 53.

1.—A sucidade da vía pública producida a consecuencia do uso común e privativo será responsabilidade dos seus titulares.

2.—Os titulares de establecementos, sexan fixos ou non, tales como bares, cafés, quioscos, postos de venda e similares, terán a obriga de manter nas debidas condicións de limpeza tanto as propias instalacións como o espazo urbano sometido a súa influencia.

Artigo 54.

1.—Os organizadores dun acto público na rúa serán responsables da sucidade derivada da celebración de tal acto na mesma.

2.—A efectos da limpeza do Concello, os organizadores terán a obriga de informar ao Concello do lugar, percorrido e horario do acto público a celebrar. O Concello poderalles esixir a constitución dunha fianza en metálico ou aval bancario polo importe dos servizos subsidiarios de limpeza, que previsiblemente lles puidera corresponder efectuar a consecuencia de sucidade que se derivase da celebración do acto público.

Capítulo II.—Da colocación de carteis e pancartas na vía pública

Artigo 55.

A colocación e pegado de carteis e pancartas en espazos públicos está suxeita a autorización municipal da Alcaldía.



Artigo 56.

1.—A concesión da autorización para a colocación ou distribución de rótulos e demais elementos publicitarios, levará implícita a obriga para o responsable de limpar os espazos da vía pública que se mancharan, e de retirar dentro do prazo autorizado tódolos elementos publicitarios que se utilizaran e os seus correspondentes accesorios.

2.—Para a colocación ou distribución na vía pública dos elementos publicitarios, o Concello poderá esixir a constitución de fianza ou aval bancario pola contía correspondente aos custos previsibles que puideran causar sucidade.

Artigo 57.

1.—Prohíbese a colocación e pegada de carteis e adhesivos, con excepción dos casos expresamente autorizados pola Autoridade Municipal.

2.—Prohíbese a colocación de carteis e pancartas en bens afectos a un servizo público municipal, tales como marquesiñas, contedores, farois, papeleiras, etc., ou en calquera outro mobiliario urbano existente.

3.—Os promotores ou beneficiarios desta publicidade responderán desta prohibición. O incumprimento da mesma dará lugar á imposición da sanción correspondente, así como a obriga do publicitario de proceder á retirada destes carteis e pancartas e á limpeza da parte manchada.

Artigo 58.

A colocación de pancartas na vía pública soamente se autorizará nos seguintes supostos:

- a) En período de eleccións políticas e sindicais.
- b) En período de festas populares e tradicionais dos distintos núcleos.
- c) En situacións expresamente autorizadas pola Alcaldía.

As pancartas deberán ser retiradas tan pronto como rematara o prazo para o que foron autorizadas. De non facelo así, serán retiradas polos servizos municipais, imputándose aos responsables o custo correspondente ao servizo prestado, sen prexuízo da imposición da sanción aos responsables pola Autoridade municipal.



*Capítulo III.—Das pintadas**Artigo 59.*

1.—Prohíbese toda clase de pintadas na vía pública e en calquera edificación en xeral, tanto sobre os seus elementos estruturais, calzadas, beirarrúas e mobiliario urbano, como sobre os muros e paredes exteriores do Concello, Colexio Público e demais edificios de carácter municipal.

2.—Serán excepcións en relación có disposto no número 1 anterior:

As pintadas murais de carácter artístico sobre os valados dos solares, para as que será preciso a previa autorización do seu propietario.

*Capítulo IV.—Da distribución de octavillas**Artigo 60.*

1.—Prohíbese espallar e tirar toda clase de octavillas e materiais similares. Exceptuaranse as situacións que no senso contrario autorice a Alcaldía.

2.—Serán sancionados aqueles que espallen ou distribúan octavillas sen autorización., sendo responsable a empresa anunciadora.

3.—Os servizos municipais procederán a limpar parte ou espazo que se vira afectado pola distribución ou dispersión de octavillas, imputando aos responsables o custo correspondente dos servizos prestados, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondera.

Artigo 61.

O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns, zonas verdes e vías públicas, no que se encontran comprendidos os bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalización e elementos decorativos tales como farois e estatuas, deberán manterse no máis axeitado e estético estado de limpeza e conservación. No caso de que se produzan estragos, danos ou agresións contra o citado mobiliario urbano, o Concello practicará as averiguacións necesarias có obxecto de recoñecer ós infractores e iniciar o correspondente expediente sancionador.



TÍTULO VIII.—DA LIMPEZA PRIVADA
Capítulo I.— Da Limpeza e mantemento dos soares e construcións

Artigo 62.

1.—Os propietarios de toda clase de solares, terreos e construcións deberán mantelos limpos, libres de desfeitos, maleza, residuos e nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade e ornato público.

Esta obriga alcanza a totalidade das edificacións, solares, predios, fincas ou espazos particulares e/ou privados, incluídas as distintas partes das mesmas, especialmente as visibles ou colindantes desde a vía pública.

Especificamente, os propietarios de terreos lindantes con vías públicas municipais deberán manter libres de calquera tipo de maleza ou árbore o espazo de dous metros medidos horizontalmente dende a marxe da vía.

O Concello, ordenará ós propietarios a execución das obras necesarias que garantan as obrigas ó principio indicadas, co obxecto de deixalas en perfectas condicións de limpeza, ornato e hixiene. En todo caso o incumprimento desta obriga determinará a incoación do correspondente expediente sancionador, con imposición da multa que proceda segundo a lexislación vixente e con advertencia da súa execución con carácter subsidiario polo propio Concello con cargo ó obrigado.

No caso de vivendas ou edificacións que presenten un estado de ruína e que supoñan risco de perigo para os viandantes ou veciños en xeral, así coma problemas de salubridade, o Concello iniciará o correspondente expediente de declaración de ruína.

Igualmente, é obriga dos propietarios dos edificios lindantes coa vía pública manter as baixantes e canalóns en perfectas condicións e debidamente conectadas á rede municipal, impedindo en todo caso a caída da auga ao espazo públicos.

2.—A obriga anterior inclúe a esixencia da desratización e desinfección dos solares.

3.—É potestade do Concello a inspección e realización subsidiaria dos traballos de limpeza ós que se refiren os números 1 e 2 anteriores. No caso de execución subsidiaria destes traballos polos servizos municipais, esta farase con cargo ó obrigado, sen prexuízo das sancións correspondentes.



4.—Se por motivo de interese público fose necesario asumir subsidiariamente as obrigas do propietario, o Concello poderá acceder aos solares de propiedade privada previa a solicitude da correspondente autorización xudicial. O Concello imputará os propietarios os custos que se causen.

5.—Os propietarios de solares, predios, fincas ou espazos privados que lindan coa vía pública ou beirarrúa, no seu caso deberán valalos con cercados permanentes situados na aliñación oficial (previa autorización municipal) e mantelos libres de residuos e en condicións de hixiene, seguridade e ornato.

6.—Os valados e peches das fincas deberán cumprir coa lexislación urbanística e, en caso de peches vexetais, o propietario deberá asegurarse de que o voo dos mesmo non sobrepase a correspondente aliñación, podendo en caso contrario o concello proceder á súa poda, a costa do propietario, ademais de imposición das sancións que procedan.

7.—No caso de que o Concello teña realizado ou previsto realizar obras de urbanización na vía pública coa que linda a finca ou solar, o valado deberá realizarse polo propietario con criterios de uniformidade e seguindo as directrices marcadas polo Concello. O mesmo sucederá no caso de fincas situadas no ámbito urbano delimitado polo PXOM.

8.—Os propietarios dos solares, predios, fincas ou espazos particulares que lindando coas vías públicas ou con beirarrúas no seu caso e que estean nunha situación de plano superior ou inferior con respecto da vía pública ou da beirarrúa, deberán adoptar as medidas necesarias para garantir que o acceso ás propiedades, tanto se é en rampa como en escaleiras, estea construído dentro da propiedade, deixando totalmente libres de afectación tanto a vía pública como a beirarrúa no seu caso.

9.—En tódalas entradas destas propiedades, os seus propietarios terán especial coidado en evitar que caian para a vía pública ou beirarrúa, restos de operacións de labranza, colleitas, refugallos, abonos, etc., adoptando as medidas necesarias para que iso non se produza.

10.—A entrada de maquinaria agrícola ou vehículos motorizados en xeral a través das vías públicas ou beirarrúas só estará permitida no caso de que o peso das mesmas non produza desperfectos no pavimento e servizos públicos. En caso contrario deberase proceder de inmediato á perfecta reposición dos mesmos con cargo ao propietario do solar ou predio obxecto destas actuacións. Esta actuación estará suxeita á previa autorización municipal.

11.—O incumprimento de calquera dos puntos anteriormente citados dará lugar a incoación do correspondente expediente sancionador, con imposición da multa que proceda e con advertencia da súa execución con carácter subsidiario polo propio Concello, de ser necesario, con cargo os infractores ou obrigados. Especificamente polo que se refire á obriga



de cerramento de fincas e solares, o Concello notificará aos propietarios o prazo para proceder ao seu cumprimento, advertíndolle que en caso contrario procederá a efectuar a obra á súa costa, comunicándolle á súa vez o orzamento estimado da mesma.

12.—Este deber non exime da obrigatoriedade da solicitude da autorización municipal correspondente.

TITULO IX: DA REGULACIÓN DO USO DE VEHÍCULOS NO CONCELLO DE CERDEDO

Art. 63.

Está prohibida a circulación de vehículos de tonelaxe superior a 10 Tms. no casco urbano de Cerdedo, e nos núcleos de poboación do municipio para protexer o estado do firme e mobiliario urbano nas citadas vías, así como nas estradas e vías municipais. Calquera infracción deste artigo será sancionado polo Concello en base ás súas competencias en materia de medio ambiente e protección do dominio público.

Art. 64.

Igualmente, está prohibida a ocupación das beirarrúas e as zonas empedradas debidamente sinalizadas con vehículos a motor, non só o estacionamento, senón tamén a carga e descarga e a mera ocupación co motor do vehículo encendido.

Os suxeitos que incumpran o establecido nos artigos precedentes serán responsables dos danos ocasionados no dominio público como consecuencia dos seus actos, independentemente da sanción prevista nos artigos correspondentes. Para elo, valorarase polos servizos administrativos do Concello o custo da reparación do dominio público afectado, a cal será a cargo do infractor.

Está prohibido o estacionamento de vehículos agrícolas e camiós fóra das zonas debidamente sinalizadas e que ocupen un espazo superior ao asinado para o aparcamento dun único vehículo.

Título X. Inspección, control e sanción

Capítulo 1. Inspección e control

Artigo 65. Servizo de inspección

1.—O exercicio das funcións de inspección e vixilancia do cumprimento do disposto na presente Ordenanza corresponderá ao persoal que teña atribuídas ditas funcións adscrito á área competente en materia de medio ambiente ou ao persoal técnico do servizo competente designado ao efecto.



2.—No caso de que outro Servizo Municipal, no exercicio das súas competencias, detectara incumprimentos desta Ordenanza, o comunicará ao servizo competente.

3.—As visitas de inspección efectuadas formalizaranse en actas de inspección, firmadas pola persoa actuante, da que se dará copia á persoa ou entidade interesada e que reunirán os requisitos esixidos pola lexislación vixente e gozarán de presunción de veracidade e valor probatorio, sen prexuízo das demais probas que, en defensa dos seus respectivos dereitos e intereses, podan aportar as persoas ou entidades interesadas.

Artigo 66. Natureza dos servizos de inspección

De conformidade coa lexislación vixente, o persoal ó que se fai referencia neste artigo anterior, no exercicio das súas funcións inspectoras, estarán facultados para inspeccionar o contido das bolsas de lixo ou demais contedores de residuos.

Artigo 67. Deber de colaboración

As persoas ou entidades posuidoras, produtoras e xestoras de residuos e titulares de inspección deberán permitir e facilitar ao funcionariado no exercicio das súas funcións o acceso ás instalacións así como prestarlles colaboración e facilitarlles a documentación necesaria, ao seu requirimento, para o exercicio das labores de inspección.

Capítulo 2. Infraccións

Artigo 68. Infraccións leves

Consideraranse infraccións leves, ademais de incumprir calquera obrigação da presente Ordenanza, as seguintes:

- a) Depositar residuos fóra dos contedores ou fóra dos lugares indicados en cada caso.
- b) Ensuciar a vía pública con residuos ou cós líquidos que puideran escapar das bolsas de residuos.
- c) Realizar pintadas, así como colocar adhesivos e carteis nos contedores.
- d) Depositar residuos en bolsas mal pechadas ou bolsas inadecuadas.
- e) Depositar residuos líquidos o licuables nos contedores (a excepción do aceite de cocíña no seu contedor correspondente).
- f) Depositar residuos a granel e non en bolsa pechada hermeticamente.



- g) Depositar nos contedores de recollida selectiva residuos non indicados para eles, ou depositar no contedor da fracción resto residuos para os que exista recollida selectiva.
- k) Incumprir o calendario e/ou os horarios nos que se poden depositar os residuos nos contedores de residuos municipais.
- m) Depositar nas papeleiras residuos xerados nos fogares ou nos establecementos.
- n) Non facilitar ao Concello a información sobre os residuos compostados cando este o solicite.
- r) Depositar residuos de papel-cartón procedentes do comercio sen haber sido pregados, ou con incumprimento do establecido na presente Ordenanza, sempre que dificulten o tránsito penal ou de vehículos por dita causa.
- s) Depositar residuos de construción e demolición na vía pública por máis tempo do permitido.
- t) Entregar os restos vexetais en condicións distintas ás determinadas neste Capítulo 4.
- u) Depositar calquera outro residuo, que non sexa vexetal no interior da saca.
- v) Espallar ou deixar restos vexetais fóra das sacas específicas.

Artigo 69. Infraccións graves

Serán infraccións graves:

- a) Incumprir as obrigacións de limpeza da vía pública ao efectuarse a substitución ou retirada dos contedores ou sacos de residuos de construción e demolición.
- b) Non facilitar ou presentar a información que acredite a xestión dos residuos e subprodutos animais non destinados ao consumo humano nas condicións establecidas nesta ordenanza.
- c) Depositar, espallar ou abandonar o compost obtido mediante autocompostaxe fóra da propiedade da persoa usuaria sen autorización do Concello.
- d) Depositar residuos nos contedores municipais por parte das persoas excluídas do servizo de recollida.
- e) Depositar nos contedores de residuos restos de carne ou peixe procedentes de establecementos de venda de este tipo de produtos.
- f) Impedir ou dificultar as operacións de carga, descarga e traslado dos residuos.



g) Trasladar sen autorización municipal calquera contedor municipal sen permiso do Concello, así como non proceder a súa posterior colocación na localización orixinal nas debidas condicións.

h) Abandonar, verter, depositar ou eliminar de forma incontrolada residuos en espazos públicos ou privados, cando isto non supoña infracción moi grave.

i) Danar os recipientes facilitados polo Concello dedicadas ao compostaxe, sempre que isto no sexa constitutivo de infracción moi grave.

j) Non proceder á retirada de contedores ou sacos de residuos de construción e demolición solicitada polos servizos municipais por motivos medioambientais, de circulación ou con ocasión de eventos na vía pública.

k) Instalar contedores ou sacos sen autorización de ocupación de vía pública.

l) Depositara mobles, electrodomésticos, enseres ou calquera outro residuo voluminoso nos contedores destinados a outros residuos, así como o abandono destes residuos na vía pública ou en solares ou terreos tanto públicos como privados.

m) Depositara o aceite de cociña usado en contedores non destinados a este residuo, así como o seu vertido á rede de saneamento.

n) Depositara pilas en bolsas ou contedores dedicados á recollida doutros residuos.

o) Abandonar vehículos na vía pública.

p) Abandonar cadáveres de animais ou restos dos mesmos, depositalos nos contedores de residuos, así como su inhumación o incineración, cando isto non supoña infracción moi grave.

q) Efectuar calquera queima ou fogueira sen autorización municipal ou sen realizar a comunicación previa ao Concello.

r) A comisión de dúas ou máis infraccións leves en un ano.

s) Efectuar acopio ou vertido de residuos de construción e demolición en lugar non autorizado, cando isto non supoña infracción moi grave.

t) Depositara residuos perigosos non admisibles nos contedores municipais.

u) Obstaculizar ou impedir a labor inspectora ou de control municipal.



v) Non facerse cargo das molestias e/ou danos que os seus restos podan ocasionar antes de ser entregados aos servizos municipais, por su inadecuado depósito ou baixo outras condicións no determinadas polo Concello.

w) Abandonar calquera resto vexetal na vía pública, en terreos públicos, no canle ou marxes de ríos ou regatos ou en arcéns de camiños ou estradas.

x) Realizar pintadas, inscricións ou colocación de carteis, mensaxes ou similares nas sacas de recollida.

Artigo 70. Infraccións moi graves

Serán infraccións moi graves:

- a) Subtraer os contedores.
- b) Instalar contedores non autorizados para a recollida de residuos na vía pública.
- c) Abandonar, verter, depositar ou eliminar de forma incontrolada residuos en espazos públicos ou privados, cando isto xere un risco grave para as persoas ou medio ambiente.
- d) Acopiar ou verter residuos de construción e demolición en lugar non autorizado, cando isto xere un risco grave para as persoas ou o medio ambiente.
- e) Abandonar, acopiar, depositar, verter ou eliminar residuos de/con amianto fóra das instalacións autorizadas e/ou sen xestor autorizado.
- f) Incrementar a altura dos contedores e/ou vehículos con elementos adicionais, sempre que isto supoña un risco grave para as persoas.
- g) Danar gravemente os recipientes facilitados polo Concello, así como as instalacións dedicadas ao compostaxe.
- h) Abandonar cadáveres de animais ou restos dos mesmos, así como su inhumación ou incineración, sempre que se puxera en grave perigo a saúde das persoas ou o medio ambiente.
- i) Xestionar residuos de competencia municipal sen autorización do Concello
- j) Danar ou queimar as sacas de recollida.
- k) Incumprir as ordenes, instrucións e Bandos emanados polo Alcalde ou axentes da autoridade local.
- l) A comisión de dúas ou máis infraccións graves no período dun año.



Capítulo 3. Das sancións

Artigo 71.

Sen prexuízo de exixir, cando proceda, as correspondentes responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes, as infraccións aos preceptos da presente ordenanza, serán sancionadas da seguinte forma:

- 1) Infraccións Leves: multa de ata 90 euros.
- 2) Infraccións graves: multa de entre 91 euros ata 300 euros.
- 3) Infraccións moi graves: multa de entre 301 euros ata 3.000 euros.

Artigo 72.

Para determinar a contía da sanción, atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron tales como a natureza da infracción, a grave intencionalidade e a reincidencia, así como aqueles factores que poidan considerarse como atenuantes ou agravantes.

Artigo 73.

Será de aplicación, en defecto doutro procedemento específico, o establecido no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, ou lexislación que o substitúa.

Disposición derogatoria

Derógase a anterior ordenanza de limpeza e medio ambiente do concello de Cerdedo.

Cerdedo, 31 de maio de 2016.—Sr. Alcalde, Silvestre José Balseiros Guinarte.

